

Índice de confianza do consumidor. Xuño 2006.

COMUNICADO

Recuperación dos indicadores resumen da enquisa

Soben os saldos dos dous indicadores resumo principais

O Índice de confianza do consumidor (ICC) e o índice de sentimento do consumidor (ISC) tralo anómalo comportamento do mes de maio, recuperan a súa tendencia ascendente habitual nos primeiros meses do ano.

Indicadores resumen

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2005		
Xaneiro	-23.7	-29.9
Febreiro	-22.1	-26.8
Marzo	-22.5	-28.7
Abril	-18.9	-28.2
Maio	-17.7	-27.8
Xuño	-15.2	-28.1
Xullo	-14.2	-25.1
Agosto	-16.9	-26.0
Setembro	-19.5	-26.9
Outubro	-21.1	-29.0
Novembro	-23.3	-30.7
Decembro	-22.5	-29.2
2006		
Xaneiro	-21.5	-28.7
Febreiro	-19.1	-26.1
Marzo	-18.0	-25.7
Abril	-17.4	-25.6
Maio	-18.0	-27.3
Xuño	-17.3	-26.7

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor


Forte incremento do saldo das perspectivas de evolución do emprego.

Dende outubro de 2005, mes no que este saldo mostrou un valor de $-17,7$ puntos, o saldo non deixou de mellorar, este mes ademais o incremento é de case 4 puntos con respecto ó pasado mes de maio.

O último dato é consecuencia do optimismo co que os galegos afrontan a chegada da temporada estival e arroxa unha cifra de 3,6 converténdose así no saldo mais favorable da enquisa neste mes de xuño.

Saldo positivo da situación financeira persoal actual.

Despois de acadar un valor positivo en abril, este saldo non deixou de crecer e acada xa os dous puntos neste mes de xuño de 2006.



Fonte IGE. Índice de confianza do consumidor

Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>